

Convocatoria da Sesión ordinaria do Pleno Municipal para o 06 de setembro de 2021 (PLENO 09/2021)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución 2246/2021 de 1 de setembro, e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano Colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión do Pleno** que terá lugar no Sala de sesións do concello de Carballo o **día 06 de setembro de 2021 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Así mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno

Data da sesión: 06-09-2021

Convocatoria: Sesión

Hora: 20:30 h.

1.- Acta da sesión anterior (26/07/2021). Aprobación.

2.- Conta Xeral do Concello de Carballo do 2020. Aprobación. (CIFECRIC do 26/07/2021).

3.- Compatibilidade solicitada polo empregado municipal, operario tractorista, para o desenvolvemento dunha segunda actividade no sector privado (2021/E002/000014). Aprobación. (CIFECRIC do 31/08/2021).

4.- Moción presentada polo grupo municipal do BNG, rexistro de entrada n.º 4789/2021 do 24 de agosto, para facilitar o acceso dos concellos aos fondos NEXT GENERATION. (CIFECRIC do 31/08/2021).

5.- Seguimento de órganos de goberno:

5.1.- Membros das Comisións Informativas Permanentes e outros órganos Colexiados de estudo e proposta. Modificación n.º 2. Toma de coñecemento.

5.2.- Informe da Intervención municipal emitido en cumprimento do disposto no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Exercicio 2020. Toma de coñecemento.

5.3.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2020 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao segundo trimestre de 2021. Toma de coñecemento.

5.4.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do segundo trimestre de 2021. Toma de coñecemento.

5.5.- Resolucións da Alcaldía

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2021/G010/000009

5.6.- Acordos da Xunta de Goberno Local

5.7.- Rogos e Preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes